

**MARÉ****Bos e Xenerosos**  
para os concellos do  
'Blanco Amor'

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg) recoñeceu onte o traballo dos concellos que participan no impulso do Premio Blanco Amor de Novela Longa coa homenaxe 'Os Bos e Xenerosos' que celebrou no Museo do Pobo.

No acto, que contou cunha actuación musical de Xavier Díaz, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez agradeceu o traballo dos concellos que foi recollido polo alcalde de Redondela, o primeiro Concello que organizou o galardón e pola concelleira de Cultura do concello de Poio, que este ano se encarga dos preparativos. Ademais dunha placa, tamén se entregaron diplomas a todos os concellos que organizaron o certame ao longo destes últimos anos.



O acto da AELG celebrouse onte no Museo do Pobo Galego